

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ELECCIÓN DE MEMBROS AOS ÓRGANOS COLEXIADOS DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS

EXPEDIENTE:

Considerando que, conforme se recolle no artigo 20 do Regulamento de organización e funcionamento das Escolas Infantís Municipais de Teo (BOP nº 234, de 7 de decembro de 2015. Redacción vixente publicada no BOP nº 121 do 30 de xuño de 2021), as escolas infantís municipais contan con catro órganos colexiados: Comisión de Baremación, Comisión Educativa de Centro, Comisión Educativa Permanente e Consello Escolar.

Considerando que segundo o citado artigo a Comisión de Baremación e o Consello Escolar das Escolas Infantís Municipais, incorporan membros en calidade de representantes da comunidade educativa, nomeadamente de nais e pais en ámbolos dous casos e do persoal educativo e persoal de servizos no caso do Consello Escolar.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar eleccións de representantes de nais e pais, de persoal educativo e de servizos nas escolas infantís municipais dos Tilos, Calo e A Ramallosa, segundo as normas que se recollen a continuación:

1. Escoller para formar parte da Comisión de Baremación:
 - Unha persoa representante de pais e nais por cada unha das tres escolas.
2. Escoller para formar parte do Consello Escolar:
 - Unha persoa representante do persoal educativo por cada unha das tres escolas.

- Unha persoa representante do persoal de servizos das tres escolas.
 - Unha persoa representante de pais e nais por cada unha das tres escolas.
3. Serán electores todos os pais, nais ou titores legais do alumnado de todas as EIM de Teo que figuren no censo electoral, e todo o persoal educativo e de servizos que se atope contratado o día das eleccións, para cada unha das categorías respectivamente.
 4. Serán candidatos e candidatas aquelas persoas que sendo electores, se presenten en prazo a cada posto.
 5. O día 9 de xaneiro publicaranse en cada centro os censos de electores de pais e nais e de persoal, abríndose un prazo de seis días para reclamacións.
 6. Constituirase unha xunta electoral para todas as escolas, composta por unha presidenta, que será a directora con máis antigüidade no posto, un vogal titular, que será outra directora, e unha suplente que será a directora con menos antigüidade. A segunda vogalía, será ocupada por unha persoa representante das ANPA escollida, igual que outra suplente, polas ANPA das tres EIM.
 7. O prazo para a presentación de candidaturas será entre o 9 a 16 de xaneiro. A presentación dos candidatos e candidatas farase mediante unha instancia dirixida ao concelleiro da área no rexistro municipal. O día 23 de xaneiro farase publica a lista de candidatos/as en cada escola, e establecece un prazo de reclamación entre os días 23 e 24 de xaneiro. Publicándose a listaxe definitiva o 25 de xaneiro.
 8. As persoas candidatas poderán realizar actos electorais os días 26 e 27 de xaneiro, podendo solicitar dependencias municipais para estes actos. Así mesmo, poderán estar supervisando a votación e o escrutinio.
 9. A votación realizarase en cada escola o día 30 de xaneiro entre as 17 e as 19 horas.
 10. Para cada escola haberá unha mesa electoral, composta pola directora de cada centro, ou persoa, entre o persoal docente, na que delegue, e un representante da ANPA de cada centro.
 11. En cada papeleta poderá escribirse un único nome, correspondente a unha das persoas candidatas para ese cargo concreto. Para exercer o dereito ao voto a persoa debera identificarse por medio do DNI ou documento similar.

12. Se nalgún caso o número de candidaturas para calquera posto é de un, non se realizará a votación sendo proclamada automaticamente a persoa candidata.

13. O escrutinio será público, e farase unha acta por parte da mesa electoral co resultado do escrutinio. A xunta electoral fará unha acta de proclamación de todas as persoas escollidas no proceso. Esta acta colgarase nas tres EIM.

Segundo.- Segundo o exposto, o proceso desenvolveríase conforme ao seguinte calendario:

- 9 a 16 de xaneiro: período de exposición dos censos de electores nas EIM. Constitución da xunta electoral e proclamación por esta da composición das mesas electorais.

- 17 de xaneiro: censo definitivo.

- 17 a 20 de xaneiro: presentación de candidaturas.

- 23 de xaneiro: listado provisional de candidaturas.

- 23 e 24 de xaneiro: período de reclamacións do listado de candidaturas.

- 25 de xaneiro: publicación do listado definitivo de candidaturas.

- 26 e 27 de xaneiro: campaña electoral.

- 30 de xaneiro: votación.

- 31 de xaneiro: proclamación de candidatos/as electos/as.

- 1 a 10 de febreiro: convocatoria dos órganos renovados.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado na data que figura na marxe.

O alcalde

A secretaria xeral, que dou fe

Rafael Carlos Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz